

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

Resolución do 26 de xaneiro de 2021, do tribunal de selección designado para xulgar o proceso para a cobertura do posto de director do Departamento de Enerxía na Axencia Instituto Enerxético de Galicia, pola que se fai pública a valoración provisional dos méritos alegados (apartado 7.1) e do plan de actuación (apartado 7.2) das bases da convocatoria (DOG núm. 253, do 17 de decembro de 2020).

En sesión que tivo lugar o 26 de xaneiro de 2021, o tribunal nomeado por Resolución do 4 de xaneiro de 2021, para avaliar o proceso para a cobertura do posto de director do Departamento de Enerxía na Axencia Instituto Enerxético de Galicia,

ACORDOU:

Primeiro. Facer pública na páxina web da Axencia Instituto Enerxético de Galicia a valoración provisional dos apartados 7.1 (Valoración de méritos) e 7.2 (Plan de actuación) con indicación da puntuación total obtida polos aspirantes, ordenada por orde alfabética, así como a súa desagregación por epígrafes, e que se incorpora a esta resolución como anexo I.

Segundo. Que o candidato seleccionado ao obter a maior puntuación total, sexa Juan Ignacio Rodríguez Fernández-Arroyo.

De conformidade co disposto no artigo 7.3 das bases, os aspirantes disporán dun prazo de tres días, contados desde o seguinte ao da súa publicación na páxina web da Axencia, para presentaren as alegacións que consideren oportunas. As alegacións presentaranse no Rexistro da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (rúa Avelino Pousa Antelo, 5, C.P. 15.707 Santiago de Compostela) ou nas oficinas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 27 xaneiro de 2021

Patricia Villajos Grande



Presidenta do Tribunal de Selección

ANEXO I

APELIDOS, NOME	NIF	PUNTUACIÓN DESAGREGADA POR APARTADOS			PUNTUACIÓN TOTAL
BLANCO SILVA, FERNANDO	44.807.335-T	7.1	a) FORMACIÓN	17	66,5
			b) EXPERIENCIA	49,5	
		7.2	PLAN DE ACTUACIÓN		15,5
RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ-ARROYO, JUAN IGNACIO	36.151.570-D	7.1	a) FORMACIÓN	15	65
			b) EXPERIENCIA	50	
		7.2	PLAN DE ACTUACIÓN		25,75

